



# O FARELO

Nº2

Febreiro de 2017

Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

**Valle Inclán  
vai ser  
representado  
en galego**



Páxina VI

**Retrincos  
galegos  
do Zé Mário  
Branco**



Páxina VII

**En marcha  
Lugo  
Cultural  
2017**



Páxina XIII

**Luís Ennes  
nomeado  
doutor  
Honoris Causa**



Páxina IX

**Actividades  
culturais para  
todos na  
provincia  
de Lugo**



Páxina XIII

**Especial  
Humor**



Páxinas XV a XIII



**Entrevista a Martiño Noriega, alcalde de Compostela**

## “O que está acontecendo é un síntoma da resistencia dun sector de Santiago aos cambios electorais”

Martiño Noriega accedeu á alcaldía de Compostela no ano 2015. Logo de algo máis de ano e medio no posto de rexedor, Noriega e o seu equipo ven aparecer accións mesmo xudiciais, contra o goberno local que preside. Aínda así deixa ver un grao de optimismo elevado cando fala da

saída adiante dos orzamentos participativos, da aprobación dos orzamentos xerais e das rendas para persoas en risco de exclusión saídas no pasado ano 2016. Entrevístámolo logo de asinar un novo plano para consolidación de empresas no concello de Compostela. / Páx. III

**Tapería Caseña | Viños | Bicas**



988 29 20 39 / 89 – 639 51 54 06 | MONTEDERAMO (Ourense)

**Torneo de futbolín e dardos  
Apúntate!**



Rúa Greco, esquina 13 | 646 41 73 84 OURENSE

## Opinión

Por Ramón Coira Luaces

Castelao naceu en Rianxo o 30 de xaneiro de 1886. O pasado ano foille adicado a el pola Academia Galega de Belas Artes. Decía Castelao coas súas propias palabras: “O amor a miña terra, nada máis que o amor, fíxome dibuxar, escribir, falar... Tódolos galeguistas estamos traballando sen acougo, rebasando as nosas vocacións, con entusiasmo e con fe. Xa sementamos moitos sentimentos e moitas ideas no peito dos rapaces, o porvir é noso; máis os inimigos son teimosos e fortes”.

Comenza a súa faceta artística en 1908 como debuxante humorístico en diversas revistas galegas. E pinta tamén o retrato de Valle-Inclán e en 1909: *A súplica*, *Catro mariñeiros* e *Unha festa na aldea*, coa que acada a a medalla de ouro en pintura da “Primera Exposición Regional Gallega” de Santiago. Faise tamén ilustrador de publicacións de Madrid e hispanoamericanas. Decora con *O cego de Padrenda* o Hotel Calixto de Cambados e ilustra libros e revistas. En 1912 expón case 50 obras no salón Iturriz de Madrid: acuarelas, cadros de cegos,... Segue pintando diversas obras e cartaces e en 1913 pinta o óleo *O cego* para o casino da Estrada. Cae enfermo e, ante a posibilidade de ficar cego e ser incapaz de manter á familia, prepara e aproba en 1916 unhas oposicións como funcionario de estadística. Pinta o álbum *Nós* e os cadros *O emigrante* e *O Regreso do indiano*. Colabora como humorista gráfico en *A Nosa Terra*, ilustra libros galegos e presenta cinco cadros na “Segunda Exposición de Arte Gallego” de A Coruña. Continua pintando e ilustra os contos de *Cousas*. Pinta *Camiño da romeira*, *Nenos*, *Paísaxe*, *O neno das piñas*,... e

# Castelao artista



as viñetas cómicas de *Cincuenta homes por dez réas*. Participa na exposición de arte galega de Bos Aires e remata o seu estudo *As cruces de pedra de Bretaña*. Dóalle once obras pictóricas ao Museo de Pontevedra, onde hogano se pode ver boa parte da súa obra. Durante a Guerra Civil publica os albunes *Galicia mártir* e *Atila en Galicia*, cos que denuncia as atrocidades cometidas polos fascistas. E, mentres da conferencias no exilio, continúa co seu labor artístico: *Romaría*, *Rolda de nenos*, *Souto de gatos*, *A derradeira lección do*

mestre, *Milicianos*,...

Do seu estilo, direi que evolucionou desde o costumismo idealizador e decorativo até poñer a súa arte ao servizo de Galiza, procurando concienciar á xente sobre os problemas galegos. Rachando coa imaxe amable das súas primeiras obras realistas para pasar a realizar unha forte crítica social con imaxes satíricas, denunciando a opresión do pobo galego e as inxustizas legais. Recolleu tamén influencias dos pintores modernistas Ramón Casas e Santiago Ruiseñol. En canto ás composicións dos seus cadros, cabe dicir que os elementos das súas paisaxes: igrexas, pazos, cruceiros,... non se corresponden coa realidade, senón que son elementos que repite e coloca ao seu gusto, facendo unha composición armoniosa, que semella real a simple vista, pero que non o é. Sendo fiel aos postulados das Irmandades, que contribuíu a fixar e que pretenden crear unha arte galega que sexa expresión da terra e da alma galega.

Tamén hai que citar as numerosas viñetas cómicas de *Cousas da vida*, que publicou a partir de 1924-25 nos diarios *Galicia*, *Diario de Vigo* e *Faro de Vigo*, que aínda hoxe en día serven de denuncia e que nos ilustran sobre a nosa propia idiosincrasia. As caricaturas, debido ao seu trazo preciso e limpo e ao seu inxenio observador foron o seu medio de expresión máis eficaz. Destacan o seus tipos campesiños, humildes pero de viva intelixencia e as súas numerosas obras sobre cegos, como el dicía, os seus compañeiros.



*É fiel aos postulados das Irmandades, que pretenden crear unha arte galega que sexa expresión da terra e da alma propia*

## PODEMOS



HERMANAGER PRODUCTIONS

## POBRES BANCOS



HERMANAGER PRODUCTIONS

Por Ramón Mariño

Mariño Noriega é alcalde da cidade de Santiago de Compostela

# “O marco legal é restrictivo coas remunicipalizacións”

**M**artiño Noriega é alcalde de Santiago logo das eleccións de maio de 2015. O PP xa levaba tres alcaldes nunha soa lexislatura, o último, Agustín Hernández, nomeado por Núñez Feijóo para substituír a Ángel Currás, quen dimitera no 2014 pola presunta relación coa trama Pokemon.

-Cal é a situación nestes momentos no tocante ás accións xudiciais que quere presentar o diario El Correo Gallego?

-O que está acontecendo é un síntoma da resistencia dun sector da cidade aos resultados electorais. No caso do Correo Gallego, desde o minuto un mostrou agresividade e subxectividade na súa relación coas institucións locais. Nos últimos meses foi por vía xudicial mediante unha demanda por unha entrada miña nas redes sociais. É curioso que se reivindicue a liberdade de expresión nos medios e por outra parte se quere coartar a liberdade de expresión de cargos públicos nas redes sociais. Non podo falar moito máis do tema, no seu momento farei as valoracións que correspondan.

-Como perciben ese medo por parte dalgunos sectores da cidade?

-No caso compostelán substanciase máis no enfoque mediático. Non se positiviza nin se recolle nada do que se fai e a anécdota transfórmase en portada. Logo culpabilízase politicamente do funcionamento administrativo da súa casa, que ten as súas eivas despois de moitos anos, cun ERE encuberto dos traballadores e do proceso de xudicialización que aconteceu na última lexislatura. No que é a cidade falaría de sectores á expectativa de poderes económicos ou de creación de opinión na cidade. E logo falaría dos barrios, nas reunións sempre me entregan dosieres coas mesmas demandas desde o 2009. Aí vexo unha necesidade de recuperar a confianza na institución local. Desde o convencemento que non todo se pode facer.

-Despois de todo isto, sente que ten forzas para continuar a lexislatura?

-Estou por imprimir unha camisola co lema “Non afuciñarei”. Se estamos nun terreo de xogo democrático coas cartas marcadas e co árbitro marcado, mais agroman procesos democráticos capaces de abrir novas fórmulas de representación, non podemos afuciñar diante dos que pretenden que nada cambie. Esa é a peor victoria que lle podemos dar.

-Só un 15% do total orzamentado para



o 2017 é o que se chaman orzamentos participativos. Non cre que é unha cantidade pequena?

-Pequena pero que é un 15% do total. Estamos aplicando un mimetismo en procesos de participación que xa están avanzados noutras cidades. A idea é ilo abrindo na medida que sexamos capaces de canalizar as demandas, fiscalizalas e executalas. A participación só ten razón de ser se ten utilidade. O peor que poderíamos facer é crear frustración con programas de orzamentos participativos imposibles de executar. O concello de Santiago ten un problema histórico para executar os orzamentos. O ano pasado executouse o 28% e foi o segundo ano histórico do concello. O que orzamenta o concello de Santiago non é capaz de licitalo, executalo e pagalo no ano. Polo déficit de persoal e cuestións burocráticas, pero non é de agora, é de sempre.

-A segunda partida máis importante é a do rural. Que é preciso nestes momentos facer nesa área?

-O rural de Santiago está relativamente peor porque se priorizou sempre o casco urbano fronte as parroquias do rural. Por iso estamos tentando poñer en marcha políticas de reequilibrio. Como? Pois os planos da Deputación agora centralízanse nas obras da área rural. A finalidade é ir traballando no reequilibrio territorial. O rural compostelán está así porque sempre se priorizou o casco urbano por criterios electorais.

-Con Compostela Aberta iníciase un proceso de remunicipalización. Cal é a situación destes procesos?

-O concello de Santiago tivo un problema

*“Por que tentamos recuperar a ORA e o guindastre? Porque temos unha sociedade para facelo como é TUSSA. Podemos facer políticas públicas”*

moi complicado o ano anterior coa chegada de moitas sentenzas relacionadas co pasado. Iso tivo un impacto económico ao chegaren sentenzas que obrigaron o pagamento de tres millóns de euros que non estaban orzamentados. Logo chegaron outras sentenzas que anulaban concesións administrativas do pasado. Por que tentamos recuperar a ORA e o guindastre? Porque temos unha sociedade para facelo como é TUSSA. Porque é un servizo que non é gravoso para o concello e porque entendemos que forma parte do Plano de Mobilidade e podemos facer políticas públicas con ese servizo. Primaremos exencións en determinadas zonas ORA, incentivaríase o comercio, a mobilidade en zonas residenciais e usando o guindastre sen ánimo recadatorio. Mais o marco legal é moi restrictivo desde a crise para poder recuperar servizos municipais. No horizonte temos a auga, non tanto o lixo e está o tema do transporte público. O lixo non porque non dá

tempo, pero a auga remata no 2019 e é un proceso de municipalización que precisa de dous anos de estudo.

-PP e PSOE non parecen moi de acordo coa municipalización. Cal é a postura máis inexplicable para vostede?

-A do PSOE. Pero todas teñen explicación. Creo que as concesións nos concellos estiveron ubicadas no foco da polémica durante moitos anos. Creo que hai unha serie de vínculos respecto de iniciativas privadas que é difícil romper. Non lle podes pedir ao concello que teña moito máis para prestar un servizo do que lle pides ás empresas. -Non bota de menos un mellor entendemento co BNG?

-De feito estamos a dialogar co BNG e son optimista de cara a aprobación dos orzamentos deste ano. Aínda así hai un apoio puntual nos momentos importantes que eu valorizo.

-O ano pasado aprobáronse unhas rendas para persoas sen recursos. Cal é o balance que fai destas rendas?

-Había unha rede anterior, impulsada polo PP, como medida estrela. Tiña un enfoque que dificultaba a posta en marcha da mesma. Trataba a xente con poucos recursos baixo o criterio da lei de subvencións, como entidades asociativas. A partir disto púxose en marcha a nova ordenanza, mesmo a primeira a nivel de estado, porque acolle a persoas con dificultade coa súa situación legal no estado. Leva poucos meses mais parece que comeza a ter retorno na súa tramitación. Este ano ten que ser o da súa consolidación. Non podemos tratar estas peticións como se fosen licencias de obra, estamos falando de urxencias nas condicións de vida das persoas.

-Asínouse unha estratexia de mellora do tecido produtivo e de reindustrialización do concello. Cales son os puntos desta estratexia?

-Crear sinerxias co que sería a iniciativa privada, canalizada na Cámara de Comercio e na Asociación de Empresas do Polígono do Tambre, coa Universidade e coas institucións, nomeadamente coa Consellería de Obras Públicas e o concello. Quérese crear ese marco e sacalo do debate partidario. A dependencia da cidade do sector industrial é moi baixa, un 5%, cando a media no país é do 17%. Nós podemos aspirar a perto do 10%.

-En tres anos novas eleccións locais. Volverá ser candidato?

-É moi cedo para tomar esa decisión. Agora mesmo só traballo co horizonte de cumprir coa lexislatura. Ao mellor a un ano vista das eleccións podería darche unha resposta.

## Miscelánea

Redacción CONDADO



### Ponteareas abre a inscrición para participar nas comparsas do Entroido

**P**onteareas prepara o Entroido 2017 con actividades nas rúas e prazas, exposicións, Entroido escolar e obradoiros. Co obxectivo de animar á veciñanza a participar nunha das festas con maior tradición no concello, a Concellaría de Cultura abre este luns, até o 17 de febreiro, o prazo de inscrición de comparsas e carrozas de Entroido. A inscrición realizarase a través do Rexistro Xeral do Concello.

Os desfiles terán lugar o domingo, 26 de febreiro a partir das 17,00 horas e o martes de entroido, día 28, a partir das 20,00 horas. A concelleira de Cultura, Hortensia Bautista, nunha recente reunión

coas entidades culturais e colectivos sociais que colaboran no entroido, confirmou a previsión do goberno local de incrementar as gratificacións que percibirán os grupos inscritos que participen nos desfiles que transcorrerá polas rúas e prazas de centro urbano de Ponteareas.

As actividades xa se iniciarán o 20 de febreiro coa apertura da exposición sobre o entroido galego e continuarán coa realización de obradoiros de maquillaxe e máscaras. O venres 24 xa comezará o Entroido pola mañá co desfile dos centros de ensino, moitos deles xa confirmaron a súa participación. Esta actividade do entroido escolar contará coa animación de "Peter Punk".

Redacción PORTO

### Concurso de textos de amor no museo da imprensa do Porto

**O**Museu Nacional da Imprensa promove, a partir do día 13 de febreiro, o Concurso Nacional Textos de Amor Manuel António Pina, en homenaxe ao jornalista e escritor vencedor do Prémio Camões 2012.

A iniciativa, especial para o Día dos Namorados, prolonga-se até 19 de febreiro (domingo) em busca de textos de amor originais. O melhor será premiado com uma viagem à Madeira para duas pessoas.

Durante a "semana dos namorados", o Museu estará aberto à receção de textos especiais alusivos ao amor e os visitantes poderão imprimir, nos prelos-reliquia, poemas de diversos autores: Camões, Bocage, Florbela Espanca, Eugénio de Andrade e Manuel António Pina.

Dirigido aos cidadãos portugueses de

qualquer idade, o concurso vai premiar os melhores textos concorrentes, em poesia ou prosa. Os prémios englobam viagens (à Madeira e cruzeiro no Douro), livros, jantares a dois e garrafas de vinho do Porto.

O Museu Nacional da Imprensa pretende, com esta iniciativa, que promove desde 2001, estimular a revelação de novos autores, apelando à escrita de textos de carácter amoroso. Centenas de participantes aderiram já às edições anteriores, de diversos pontos do país, incluindo as Regiões Autónomas dos Açores e da Madeira.

Os textos concorrentes devem ser registados num impresso próprio, disponível nas instalações do Museu e no seu sítio oficial ([www.museudaimprensa.pt](http://www.museudaimprensa.pt)), a partir do dia 13 de febreiro.

Por Manuel Estévez



### Mostra de pintura na Perruquería Manuel Riveiro de Goián

**C**elia Rebelo da Silva é unha artista plástica de Campos, unha freguesía de Vila Nova de Cerveira. Na Vila das Artes, imparte aulas de pintura no seu taller, onde asisten alumnos do Baixo Minho, concretamente do Concello de Tominho, sen embargo ela, a profesora, elixiu para

amosar os seus traballos pictóricos un espácio non convencional, A Perruquería Manel Riveiro de Goian.

Durante un mes tanto os clientes como os goianeses que o desexen poden ollar "Sensualidade", "O Veado", Paisaxe africano", Saíndo da ducha", "Rostros xovens" entre outras telas.



■ Félix Ronda

Redacción SANTIAGO

# Presentación da obra fílmica do pintor portugués Luís Noronha da Costa

O Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI-Filmoteca de Galicia) trouxo en xaneiro por primeira vez a España a obra fílmica do pintor Luís Noronha da Costa, en tres sesións comisariadas pola Asociación Lumière e programadas en colaboración coa Cinemateca Portuguesa. O luso é coñecido principalmente en Portugal pola súa obra pictórica, de marcado carácter neorrealista, na que hai referencias habituais á historia da arte, mesmo mimeses doutros cadros, que desenfoca intencionalmente. Os seus lenzos están trufados de presenzas fantasmagóricas de tradición gótica e de composicións que crean pantallas dentro doutras, nun estilo inconfundible que lle valeu o premio europeo de pintura en 1999, concedido polo Parlamento Europeo. As súas obras, louvadas polos especialistas, téñense mostrado en lugares do talle do Museo Serralves ou na Bienal de Venecia. Pero ademais da pintura, Noronha da Costa practicou outras disciplinas como a escultura, a arquitectura ou o cine. En 2004, a exposición Noronha da Costa Revisitado, organizada no Centro Cultural de Belém, en Lisboa, permitiulle á Cinemateca Portuguesa rescatar e reivindicar a faceta máis descoñecida do artista como realizador cinematográfico. Esta acción puxo en



■ O pintor portugués Luís Noronha da Costa

valor 'O Construtor de Anjos', o seu último filme, rodado en 1978 e hoxe considerado un clásico do cine portugués independente. Nesta historia, ambientada nun convento, un conxunto de rapaces comeza a desaparecer de maneira misteriosa.

## Influencia

O estilo non está moi lonxe do de "D. Jaime ou a Noite Portuguesa", feita catro anos antes e na que, como indican os comisarios do ciclo, "asistimos a unha serie

de visións irónicas e eróticas, ou ben históricas, de virxes perversas e de sádicos irrisorios, resucitados todos eles do romantismo alemán e británico, mentres os decorados non deixan de ser ben portugueses". Estes son filmes góticos de fantasmas, profundamente influídos pola obra de Terence Fisher, o mítico director da produtora Hammer, quen fixera todos eses clásicos de terror con Peter Cushing e Christopher Lee. Mais a aproximación de Noronha da Costa é algo distinta. Considerado un dos grandes cineastas da vangarda portuguesa dos anos setenta, o ciclo intenta ante todo recuperar as súas curtmetaxes máis abstractas feitas en 16 mm., que estarían máis preto da pintura pola que é máis coñecido. Cun equilibrio entre ambos os dous mundos, este cineasta debuxa unha traxectoria de cine fantástico orixinal que non ten equivalente. O ciclo ábrese este xoves, coa presenza do comisario Francisco Alagarín, da asociación Lumière, quen virá como experto a todas as sesións para presentar a obra do artista e contextualizala en profundidade. Así, o CGAI ofrece unha oportunidade única de descubrir un mestre do cine fantástico e de vangarda que será unha sorpresa ata para o público máis cinéfilo.

Redacción OURENSE

# Antonio Yáñez Casal gaña o XIV Premio "Pura e Dora Vázquez" de Narración

O escritor Antonio Yáñez Casal (Ferrol, 1959) coa obra Do meu nome e outras trapalladas (presentada baixo o lema "Inferniense"), foi o gañador do XIV premio de literatura infantil e xuvenil "Pura e Dora Vázquez" na modalidade de Narración, dotado con 1.500 euros, que convoca a Deputación de Ourense. O xurado, que deu a coñecer a súa resolución trala reunión mantida no Centro Cultural "Marcos Valcárcel" da Deputación de Ourense, sinalou da obra galardoada "a súa adaptación aos tempos que corren, na que o autor fai unha reflexión crítica sobre a familia, os amigos e a escola". Asemade o xurado puxo de manifesto que a obra "ten unha grande riqueza morfolóxica, que da idea dun escritor de nivel cultural alto, e cun importante dominio da lingua, axeitándose moi ben para ser ilustrada". Así mesmo, o xurado dixo que Do meu nome e outras trapalladas é "un texto cunha linguaxe directa e crítica. Unha obra de lectura sinxela, que ten moita potencia-



■ Xurado da XIV edición do Premio "Pura e Dora Vázquez" de Narración

lidade para achegarse aos adolescentes e gañar lectores dentro desa franxa de idade, pois reflicte ben o mundo que nos rodea". En canto ás obras presentadas ao premio nesta edición, o xurado destacou que todos os textos presentados "son de moi diversa temática e adaptados ao espírito deste pre-

mio". O xurado da XIV edición do Premio "Pura e Dora Vázquez" de Narración estivo presidido polo deputado provincial de Cultura, Manuel Doval, e integrado como vogais por José Manuel Fernández, Mario González, Carlos Rodríguez e Xosé Manuel Cid, actuando como secretaria Ana María

Malingre. Antonio Yáñez Casal naceu en Ferrol no ano 1959. Publicou as seguintes obras: Don Cosme e o telegrama amarelo (Col. O Trolebús, Casals, 2004), finalista do Premio Raíña Lupa 2000; Crisóstomo o alifáfar (Col. Árbore, Galaxia, 2006), finalista do Premio Raíña Lupa 2004; Natasha e Dimitri (Col. Merlín, Xerais, 2006), finalista do Premio Merlín 2005; Lóbez (Col. Meiga Moira, Baía, 2006), Premio Meiga Moira 2006; Viaxe a Libunca (Col. Costa Oeste, Galaxia, 2007), Premio Raíña Lupa 2006; Octavius Augustus (Difusora de letras, artes e ideas, 2009), Premio Abrente 2007; Xoa (Col. Merlín, Xerais, 2010), finalista do Premio Merlín 2009 e Premio Frei Martín Sarmiento, 2ª categoría, 2012; Vento Galerno (Col. Fóra de Xogo, Xerais, 2012), finalista do Premio Fundación Caixa Galicia 2011; A complicada vida de Bieito Viqueira (Col. Tambre, 2012); O detective de Nullarbor (Col. O Barco de Vapor, XermeSM, 2015), Premio O Barco de Vapor 2013.

## Teatro / Cinema

Redacción O FARELO

# Valle Inclán será representado en galego por primeira vez na historia

**O**itenta anos despois do pasamento do escritor e dramaturgo galego Ramón María del Valle-Inclán, a súa obra poderá ser desfrutada por primeira vez en galego. Será a peza “A Cabeza do Dragón” a sirva de catalizador, e será Producións Teatrais Excéntricas -con Quico Cadaval ao fronte- a encargada de desempeñar tan magna e importante labor.

O Teatro Principal de Compostela será quen acolla a estrea desta obra, o xoves 3 de marzo, e será testemuña de 6 representacións do primeiro Valle-Inclán galego até o sábado 11 de marzo, para chegar, o xoves 17 ás táboas do Teatro Colón, onde permanecerá en cartel até o venres 18 con dúas representacións programadas.

“A Cabeza do Dragon” foi incluída polo autor, Ramon Maria del Valle-Inclan, nunha colección de farsas que, titulou, iro-



nicamente, “Retablo de marionetas para educación de príncipes”. A historia conta, mais unha vez, a viaxe ao corazón do dragón que se narra en todas as culturas do mundo, e tamén na nosa, a cultura europea. Esta fabula, que é do dominio público, está brillantemente manipulado polo autor. Valle-Inclan introduce elementos actuais, crítica social, brincadeiras políticas, anacronismos argumentais, comentarios alleos a tradición do conto marabilloso... A función liberadora do riso, a corrupción política, a violencia machista, a anacrónica institución da monarquía, o medo a liberdade ou a banalización do amor romántico son temas da obra que continúan de actualidade. Valle-Inclan, coas oportunas manipulacións, leva a fábula ao grotesco contemporáneo que el creou: o esperpento.

## Oswaldo Digón presenta ‘Anecdología’ no Teatro Colón da Coruña

**A** semana entrante chegará ao Teatro Colón da man do humorista coruñés Oswaldo Digón, que presentará o venres 27 de febreiro, ás 20:30 horas, o seu novo espectáculo, tras o éxito de “Gente Triste”. “Anecdología é o rexistro das crónicas que escoitei, vivín e lin agardando que o aeroporto, viaxando en tren o sinxelamente sentado nunha cafetería. Non todas son auténtica, algunhas non aconteceron ou acontecéronlle a persoas diferentes a aquelas a quen se atribúen, pero todas teñen unha gran dose de comedia”, explica o artista, cuxas entradas están xa á venda con prezos a partir dos 11€.

E o sábado será a quenda do Rey. Elvis

Presley volta á vida nas táboas do Teatro Colón o sábado 28 a partir das 20:30 horas no espectáculo “Elvis Vive”, do artista Greg Miller. Aclamado pola crítica de todo o mundo ano tras ano e actor en “Leaving Las Vegas” xunto a Nicolas Cage, Greg Miller presenta neste espectáculo gravacións íntimas que amosan a súa relación con Elvis Presley. O artista coñeceu a Elvis Presley na súa mocidade e mantivo unha estreita relación co mesmo nos seus últimos anos de vida. A súa magnífica presenza e coidada voz desembocaron no seu recoñecemento a nivel mundial. As entradas están xa á venda a partir de 21€.

## O Festival de Cans estará “máis presente que nunca” ao longo do Porriño

**O** Concello do Porriño aportará este 2017 un total de 18.000€ ao Festival de Cans, repetindo a meirande cantidade que o festival recibiu, na súa historia, das arcas locais o pasado 2016. Así transmitiullo a alcaldesa, Eva García de la Torre, a Alfonso Pato, director do certame, e Abel Gallego, membro da organización do mesmo, nunha longa xuntanza que mantiveron este mércores.

A XIV edición da mostra, que se celebrará do 24 ao 27 de maio, terá “presenza en todo O Porriño, de xeito que durante os días do mesmo toda a vila será parte e partícipe do festival”, sinalou a alcaldesa.

García de la Torre, adiantou que o programa de actividades deste 2017 será aínda máis participativo que o ano pasado, haberá unha relevancia maior de O Porriño e dos porriñeses no mesmo e se “visibilizará” o compromiso e a simbiose das veciñas e veciños co que é co que representa o Festival de Cans

A alcaldesa animou a todos os cidadáns a participar da programación de Cans, que ademais de no portal web festivaldecans.com, estará pendurada nas redes sociais do Concello, e a gozar de todas as propostas que se espallarán pola vila xa dende datas anteriores ao inicio mesmo das proxeccións dos filmes.

**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69  
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.

**Publicidade:** Departamento propio e axencias  
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

**Fotografía:** Hernández e departamento propio

**Deseño e maquetación:** Carlos Barros González

**Colaboradores:**

**GALIZA:** Rocío Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Losada Dorado – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PORTUGAL:** Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho – **MADRID:** Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal – **NOVA IORQUE:** Fco. Álvarez (Koki).

**Fotografía:** Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.

**Humor:** Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Producións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Félix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

**Depósito legal:** VG-14/2017



**Xornal Cultural  
para o Lecer**

Por: Carlos Méixome


# Retrincos galegos do Zé Mário Branco

Comezo a redactar esta nota o mesmo día (2 de xuño de 2016) que se vai estrear, nunha sala comercial lisboeta, o documental longo *Mudar de Vida. José Mario Branco vida e obra* realizado e producido por Nelson Guerreiro e Pedro Fidalgo. O filme seguindo o itinerario da vida e obra do músico do Porto ofrece un percorrido pola historia política e social do Portugal contemporáneo.

Non pretendo nin glosar a obra musical nin a acción cultural, política e humana do Zé Mário. Inmensa. Só dar conta de tres anécdotas que vivín e deixan, na miña opinión, ben palpábel a enorme personalidade dun músico, creador de múltiple expresión e inmenso home de escena así como o permanente compromiso dun loitador sen concesións. Ora ben, aproveito para presentarllo tal e como el mesmo fixo nese intenso alegado vital que é *FMI*; dicía: “Sou portugués, pequeno-burgués, fillo de profesores primários, artista de variedades, compositor popular, aprendiz de feiticeiro, faltam-me dentes. Sou o Zé Mário Branco, 37 anos, do Porto, muito mais vivo que morto, contaí com isto de mim e para o resto”. E recomendar a que non o fixera aínda que poñan a orela e os ollos en cando menos *Mudam-se os tempos, mudam-se as vontades* (1971), *Margem de certa maneira* (1973), *Ser solidario* (1982), o xa referido *FMI* (1982), e o seu último traballo en disco *Resistir é vencer* (2004). Coa primeira achega ao Zé Mário Branco procurarán saber do resto da súa obra.

Trateino fuzadamente. Primeiro con motivo do festival que tivo lugar no auditorio do vigués Parque de Castrelos, por mor de recadar fondos para axudar na adquisición das custosas menciñas que precisaba o Zeca Afonso cando a súa enfermidade estaba xa moi avanzada. Un grupo de persoas, Xico de Cariño, Manuel Álvarez, Xosé Manuel Estévez, Antón Mascato e eu mesmo, co respaldo da Federación de Asociacións Culturais de Galicia, a Asociación Cultural de Vigo e as Xuventudes Musicais e a colaboración de moitas outras persoas dunha e outra beira da raia organizamos aquela especie de macrofestival que comezou sobre as cinco da tarde do último día de agosto e rematou avanzada a noite do primeiro día de setembro de 1985. Doce horas de música e poesía e máis de 20.000 persoas no público. Os detalles están recollidos no libreto que elaborou Antón Mascato para acompañar o dobre CD que editou Edicións do Cumio no ano 2000. Infortunadamente non se puideron incluír as dúas pezas que interpretou o Zé Mário. As fotografías que ilustran estas notas son de Xan Carballa, outro dos “facedores” daquela xornada.

Unha das condicións que puxeramos para dar cabida a tantas persoas que xenerosamente se brindaran a participar fora que os grupos musicais só poderían inter-



■ Zé Mário Branco. Fotografías: Xan Carballa.

pretar dúas composicións, mentres que as persoas recitadoras/oradoras terían uns escasos minutos. O ambiente do festival estaba xa animado cando subiu ao escenario o José Mario Branco. Unha parte do público coñecía os seus discos dos primeiros anos setenta e oitenta e sabían do seu labor nos arranxos das gravacións do Zeca (*Cantigas do Maio* (1971), *Venham mais cinco* (1973), *Fura, fura* (1979)...). A este labor colaborador dedicouse con permanente constancia facendo arranxos e/ou a produción de discos de Carlos do Carmo, Amelia Muge (outra das sorpresas do festival de Castrelos), Sergio Godinho, Fausto

e, nos últimos anos, de forma case permanente, de Camané. O que non coñecía o público era a súa forza como home de escena. A súa actuación entusiasinou. El só cunha guitarra elevou un ambiente que se mantivo “a tope” ata o peche coa interpretación do *Grândola, vila morena*, con todas as persoas participantes sobre o escenario. Cando rematou o Zé Mário, entre fervorosos aplausos, comezou a ouvirse o de “outra, outra, outra...” que ao pouco converteuse nun clamor; o Zé Mário retornou ata o micro e dixo coa súa forza declamatoria: “Disciplina camaradas” e abandonou o escenario.

O Zeca puxera algunhas condicións para que se celebrase o festival que recollo do libreto citado de Antón Mascato “... tiña que participar unha delegación de Timor Leste (naquel momento a ex-colonia portuguesa fora invadida por Indonesia e estaba inmersa nunha segunda loita pola independencia, acabarían expulsando os indonesios -1999 e sería o primeiro estado soberano constituído no século XXI; á loita deste pobo está dedicado o disco do Zé Mário *Resistir é vencer*), a xente tiña que cobrar, e había que facer do acto unha enorme reivindicación do galego. A representación do Timor foi de sesenta persoas –nenos, adultos e vellos–, envoltos en vestidos coloristas, a danzaren e cantaren, mesmo coa lectura dun comunicado de denuncia da FRETILIN. Todos os participantes cobraron, cada quen o que quixo; algún, como o impecable José Mario Branco, fíxonos a conta repartindo a gasolina consumida por un coche de ida e volta de Lisboa a Vigo entre as cinco persoas que viaxaron, o que deu un total a cobrar de oitocentos escudos. Cobrado iso, xa podía contarlle ao Zeca que “sí, señor, que el tamén cobrara”.

Poucos meses despois, novembro 1985, tiñan lugar as eleccións galegas. Como nas de 1981, a esquerda nacionalista concorria dividida. O BNG nacera tres anos antes e

Xosé Manuel Beiras (que falara no festival de Castrelos en representación dos organizadores) era o candidato pola circunscrición coruñesa. Daquela os mítins políticos aínda congregaban persoas que desexaban escoitar o que se dicía, coñecer os candidatos, botar unha ollada e sobre todo acudían animosos e animosas seguidoras. O BNG xogábase moito nesas eleccións despois de que os tres deputados do BN-PG-PSG foran expulsados do Parlamento por negarse a obedecer un regulamento aprobado con posterioridade a ser electos deputados. A outra candidatura, a do PSG-EG, estaba encabezada por Camilo Nogueira.

O BNG entrou en contacto con José Mario Branco para que coas súas cancións puxese o ramo aos actos electorais, coido, que nas sete cidades máis grandes. Se non me trabuco, e tampouco é cousa de maior importancia, coido que o último, o “peche de campaña”, como se dicía, foi en Vigo. Non lembro o lugar. O Zé Mário pasou aqueles días percorrendo as nosas cidades, coñecendo activistas e entusiasmando o público que acudía aos actos dunha forza política que era unha dubitativa incógnita.

A campaña electoral rematou. Alguén me entregou un sobre fechado para facerllo chegar ao noso músico. Era a compensación económica que se acordara. Citeino nun local, ben sinistro por certo, da rúa Loriga, en Vigo. Nun pequeno despachinho, inzado de vasoiras e caldeiros enzoufados en cola, paus para pancartas, propaganda impresa, papeletas, sobres e tarecos de utilidade semellante, fixenlle entrega do sobre. Coidei que a cousa xa estaba. Para a miña sorpresa acadou unha cadeira e sentou; fixen o mesmo, ao outro lado da mesa. Abriu o sobre e púxose a contar os billetes. Sorprendínme ante unha actitude que tomei como desconfianza. Esta foi en aumento cando, rematado o inicial recuento, volveu comezalo por segunda vez. O Zé Mário é home serio e de abastado bigote. Mais desta vez o repaso dos billetes non chegou ao final; parou xusto na metade. Colleu os dous feixes de papeis asinados polo Banco de España, entregoume un deles e díxome: “Isto é o meu contributo á campaña do bloque”. O Mascato, que estaba presente e pasara aqueles días levándoo dun sitio para outro, lembreime a cara de apampado que se me puxo. Sabíamos que non lle sobaban.

Fiquei con ganas de baixar ata Lisboa. Agardo poder ollar, calquera día, o documental sobre este home que me impresionou hai tantos anos. Sei que a Margarita Ledo, que tamén estivera aquel día en Castrelo, anda a facer xestións para proxectalo na sala Numax compostelá. Mentres agardo, escoito a súa música e a súa voz que me di con Camões, “Mudam-se os tempos mudam-se as vontades”.

*Este texto foi publicado no blog do autor: <http://pedogalinheiro.blogspot.com.es/>*

## Audiovisual e Cultura

Redacción LUGO



■ Acto de entrega do premio literario en Mondoñedo

### Miriam Ferradás recibe o premio Leiras Pulpeiro

A deputada de Cultura, Deseño e Artesanía, Pilar García Porto entregou os premios de poesía da V Edición Leiras Pulpeiro de Mondoñedo que financia íntegramente a Deputación con 3.000 euros. Nesta nova edición a obra gañadora foi para “De Tacto”, de Miriam Ferradás. O segundo premio recaeu na obra titulada “Regreso a Ítaca” de Modesto Fraga Moure; o terceiro foi para Xosé Antón Fortes con, “Ofelia sen dó”. A deputada agradeceu o traballo dos autores e emprazounos a seguir traba-

llando, escribindo e publicando. “Hoxe a memoria e a obra de Leiras Pulpeiro segue vixente, grazas á xente coma vós”, explicou. García Porto lembrou tamén que o organismo provincial publicou as subvencións da Área de Cultura para asociacións; en Mondoñedo beneficiáronse 13 asociacións para realizar 16 eventos, e contan cun orzamento total de 10.000 euros. E no que respecta á Comarca da Mariña concedéronse 137 axudas por un importe total de preto de 90.000 euros, para un total de 91 colectivos.



■ Entrega do premio

### Premio do comercio

O deputado de Deportes, Pablo Rivera Capón, a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez López, e o presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas López, participaron na entrega do premio do sorteo da campaña “Este Nadal, súbete á moto de Comercio

Galicia” que tivo lugar na Praza Maior, e coa que colabora o organismo provincial. O gañador deste sorteo foi José Alberto Lamas, que recibiu unha moto. Ademais, a tenda de Tobarix conseguiu un recoñecemento como comercio destacado nas vendas durante a campaña de Nadal.

## Convocada a 39ª Semana Internacional de Cine de Autor na cidade de Lugo

**O Grupo Fotocinematográfico Fonmiña convoca a 39 Semana Internacional de Cine de Autor que se celebrará do 18 ao 23 de setembro de 2017 en Lugo**

É obxecto desta convocatoria a regulación dos premios da Competición Internacional de: Longametraxes (Sección Oficial), Cine Galego (Seccións Paralelas), Documentais (Seccións Paralelas) e Curtametraxes (Sección Paralela) da 39ª edición da Semana Internacional de Cine de Autor de Lugo (España). Organízase baixo os auspicios da Xunta de Galicia, Deputación e Concello de Lugo e Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo). Esta competición estará dotada de 2.200 euros en premios, (repartidos nas súas distintas seccións con cargo á aplicación

orzamentaria do certame e suxeitos ás vixentes retencións que marca a lei. Poderán concursar as persoas físicas ou xurídicas con capacidade de obrar (produtores, directores, distribuidores) que posúan o control legal sobre as obras que presenten a concurso. A persoa ou entidade (ou o seu representante) que asine o formulario autorizando a inscrición será considerado polo Festival como único interlocutor válido para tratar aspectos relacionados coa participación da película no evento e como único responsable fronte a outras persoas ou empresas que participaran na produción da película.

#### Requisitos

As películas deberán ter sido producidas en 2016 e 2017. Non poderán terse exhibido nin editado comercialmente en España en salas públicas (excepto en festivais), televisión, VoD ou Webs antes do 18 de setembro de 2017. As obras terán que ser de ficción (imaxe real ou animación) con máis de 60 minutos de duración en longametraxes. O mesmo requisito rexerá para os documentais. As curtametraxes non poderán exceder de 30 minutos. Será imprescindible o subtítulo en castelán naquelas copias cuxo idioma orixinal sexa galego, inglés ou outro calquera. Terán unha especial prefe-

rencia aquelas películas que traten os xéneros e temas seguintes: Cine Independente, gastronomía; Camiños de Santiago (Francés e Primitivo). País invitado: Portugal. Cine Galego. O mundo dos Museos (Arte e Pintura). Para inscribir a película deberán facelo a través do formulario de inscrición da plataforma dixital correspondente. O prazo de inscrición online pecharase o 22 de maio de 2017 ás 24:00 horas (hora local de Lugo). Tamén poderase inscribir a película solicitándoo sempre a [sicalugo@mundo-r.com](mailto:sicalugo@mundo-r.com). O prazo de inscrición neste caso pecharase o 22 de maio 2017 ás 14:00 horas.

Redacción O FARELO

# Luis Rodríguez Ennes, doctor Honoris Causa pola Universidade Nacional del Comahue

**L**uis Rodríguez Ennes, catedrático emérito da Universidade de Vigo, foi nomeado doutor Honoris Causa pola Universidade Nacional del Comahue, de Argentina. “Considero que é a honra máis grande na miña vida académica. O máis prezado galardón”, dixo o profesor e decano honorífico da Facultad de Dereito do Campus de Ourense. A Universidade Nacional del Comahue otorgou, por unanimidade, este título honorífico a Ennes o día 20 de decembro. A comisión tivo en conta a destacada participación como xurista español, os seus relevantes méritos académicos, a súa profunda dedicación á docencia e investigación xurídica e a participación en numerosas sociedades científicas.

## Ennes

O profesor e escritor Luis Rodríguez Ennes naceu na Coruña o 9 de marzo de 1946. Catedrático de Universidade (na



Área de Dereito Romano), é licenciado e doutor en Dereito, co número 1 do premio extraordinario pola Universidade de Santiago. Vicedecano da Facultade de Dereito de Santiago (1983-86), secretario xeral da Universidade de Santiago (1986-1989), vicepresidente do Claustro Universitario da Universidade de Santiago (1984-86), vicepresidente do Claustro Universitario Constituínte da Universidade de Vigo (1990-94), asesor xurídico da Universidade de Vigo (1990-93), decano da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo (1990-2000). Director da revista “Lingua e Dereito” da Universidade de Vigo. Membro do consello rector da EGAP -Escola Galega de Administración Pública- (1990-96). Membro da Societé D'histoire Jean Bodin (Bruxelas, 1986), da Societé International des Droits de la Antiquité (Bruxelas, 1981), da Asociación Española para o Estudio do Dereito

Romano (Madrid, 1984), e da Asociación Internacional de Estudios Galegos (Oxford, 1996).

## Obras realizadas

Publicou preto de cen obras. Premio Nacional Fin de Carreira ó mellor expediente. Membro da Real Academia de Jurisprudencia y Legislación (desde 1986) e da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación (desde 1999). Vicepresidente do Tribunal Arbitral de Galicia (desde 1994). Premio Lois Peña Novo (1998) pola súa contribución á normalización lingüística. Premio Manuel Colmeiro da Xunta (1998). Presidente do IV Congreso Iberoamericano de Dereito Romano (1998). Profesor visitante das Universidades de Leeds (Reino Unido), París XII e Le Mans (Francia), Lateranense de Roma (Italia), Trier (Alemaña), Bergen (Noruega), Interamericana (Porto Rico) e El Salvador e Católica (Arxentina).



■ Gloria Inés V. Castro (gañadora adulta), Pablo M. da Silva (xuvvenil) e Uxía González (infantil)

## A Biblioteca Pública Municipal da Guarda premia aos mellores lectores do ano 2016

**O** día 11 de xaneiro celebrouse o Día do Usuario e Usuaría das Bibliotecas e dende a Biblioteca Pública Municipal da Guarda quíxose conmemorar ese día agasallando aos tres mellores lectores da Biblioteca no ano 2016. Por categorías, os gañadores foron: na categoría infantil Uxía González Álvarez, na categoría xuvenil Pablo Martínez da Silva, na categoría adulto Gloria Inés Vázquez Castro.

Deste xeito, o venres 13 de xaneiro, Uxía, Pablo e Gloria Inés achegáronse á Biblioteca onde a Concelleira de Cultura, Elena Baz Rodríguez, lles fixo entrega dun lote de libros como agasallo.

Dende a Concellería de Cultura felicítase a Uxía, Pablo e Gloria Inés e ánimoase a tódolos usuarios a seguir achegándose á Biblioteca, un espazo adicado á lectura e aberto a tódolos guardeses e guardesas.

**QUEN ME ÍA DICIR A MIN  
QUE ESTARÍA BEN EN GALICIA...**



HERMANAGER PRODUCTIONS

## Cultura

Redacción O FARELO



### Voadora inicia na Coruña a súa residencia técnica artística de "Soño dunha noite de verán"

**A**s mañás do Teatro Colón son estes días moito máis activas do habitual: a compañía Voadora comezaba a pasada semana a súa Residencia Técnica Artística e o trasfego de actores, escenografías e música enche de vida esa parte do teatro que de cotío non se ve.

Esta Residencia, combinada co Pazo da Cultura de Narón, servirá para dar forma ao novo espectáculo da compañía, "Soño dunha Noite de Verán".

A aposta do Teatro Colón polas Residencias Técnicas Artísticas ven de lonxe. Compañías como Artestudio ou Caramuxo, e artistas como Enrique Peón ou Javier Martín forman xa parte das Residencias Técnicas e Artísticas promovidas polo teatro, coas que a entidade busca fortalecer o tecido creativo e social e tender pontes e sinerxías colaborativas entre todos os actores que forman parte dunha creación artística. Deste xeito, o Teatro Colón por a disposición das compañías que participan neste proxecto toda a súa dimensión, non soamente espacial, senón tamén humana: equipos de técnicos, de salas, de comunicación e produción... todo o teatro, a parte del que respira e sinte, colabora coa compañía para permitir que o proxecto creza e se expanda.

Nesta ocasión estas sinerxías son maiores aínda, ao tratarse da primeira Residencia Técnica Combinada con outra entidade, o Pazo da Cultura de Narón, na que será a primeira residencia combinada entre dous teatro públicos na provincia. Así, ao remate da súa residencia no Teatro Colón, Voadora desenrolará unha semana máis de traballo no Pazo da Cultura de Narón, para proceder á estrea de "Soño dunha noite de verán" o vindeiro 11 de febreiro neste espazo. Pola súa parte, o Teatro Colón acollerá o

días 2 e 3 de febreiro a obra "Calypso", que chega a Galicia despois de triunfar por teatro de toda España -aínda que case sen representacións polo de agora en Galicia- e ser seleccionada como unha das mellores obras do panorama independente no pasado 2015.

Á rolda de prensa asistiu Marta Pazos, directora de Voadora, quen explicaba así a importancia da residencia "para nos como compañía é imprescindible que os teatro nos permitan habitalos, traballar dentro deles, porque iso supón para nos a posibilidade de desenrolar un proxecto dende o seu verme, paseniñamente, e na contorna que debe facerse. E, neste caso, contar con dous teatro tan importantes como o Teatro Colón e o Pazo da Cultura de Narón, é todavía mellor".

No acto de presentación estivo tamén presente Roberto Pascual, da MIT de Ribadavia, un dos patrocinadores do proxecto "Soño dunha noite de verán", quen falaba así da compañía "para nos é un pracer poder apostar por compañías como Voadora, innovadoras e rompedoras, capaces de artellar discursos tan potentes e traballar en proxectos tan completos".

A rolda de prensa foi pechada por Goiretti Sanmartín, Vicepresidenta da Deputación da Coruña e Deputada de Normalización Lingüística e Cultura, quen se mostraba encantada coa posibilidade de que proxectos como este poñan dar pasos fora das grandes urbes "ás veces parece que soamente podemos ver determinadas montaxes nas grandes cidades. Que accións coma esta permitan que obras da entidade de "Soño dunha noite de verán" cheguen a poboacións como Narón, Rianxo, Noia ou Oleiros, con tan boa e variada programación teatral, é algo estupendo".

Redacción OURENSE



■ Cristina Pato coa súa amiga ourensá Marisol

### A gaiteira Cristina Pato impartirá un curso na Universidade de Harvard

**A**gaiteira ourensá Cristina Pato impartirá clase como "artista distinguida" nun curso sobre etnomusicoloxía no Departamento de Música da Universidade de Harvard, durante o primeiro trimestre de 2017. Xunto co seu compañeiro de The Silk Road Ensemble Shane Shanahan, impartirá maxisterio dentro do programa "The Blodgett Distinguished Artist in Residence" que mantén Harvard desde hai 26 anos, e que convida a artistas e grupos distinguidos a impartir clases e a realizar actuacións de distinto tipo. A artista ourensá estará ensinando no Departamento de Etnomusicoloxía nun novo curso chamado "Performing Musical Difference: Case Studies from the Silk Road Project," que dirixe

Kay Kaufman Shelemay, en cooperación con músicos de Silk Road Ensemble. No curso en cuestión exploraranse os procesos sociais e os retos éticos do intercambio musical para crear "conexións inesperadas, colaboracións e comunidades na procura dun cambio significativo". Cristina Pato leva seis anos impartindo clases nos veráns e en diferentes cursiños ao longo do curso académico co Departamento de Educación (Harvard Graduate School of Education) sobre o poder das artes na educación en na sociedade ("Arts and Passion Driven Summer Institute" e o último sobre "Arts and Healing"), en colaboración con Silk Road Project, que reside na universidade e do que a artista ourensá é conselleira de educación.



■ O alcalde con membros da Fundación Carlos Casares

### Ourense culminará o expediente de honra a Carlos Casares

**O**Concello de Ourense culminará o 16 de maio o expediente de honra aberto en 2003 a Carlos Casares. O remate deste expediente suporá un acto formal para o nomeamento de Casares como fillo predilecto da cidade a título póstumo nunha sesión plenaria que se celebrará na véspera do Día das Letras Galegas, que este ano se lle adica ao escritor ourensán. Ademais deste recoñecemento público da cidade, o Concello tamén descubrirá unha praca-busto do escritor na

Praza Bispo Cesáreo, como recoñecemento da cidade á figura de Carlos Casares. O alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, comunicoulle esta decisión aos membros da Fundación Carlos Casares, presidida por Xavier Casares. "Deste xeito, culminamos un expediente que permanecía aberto desde hai 14 anos e o facemos precisamente no ano no que se honra a memoria do gran escritor, coa máxima distinción que se lle pode outorgar desde o Concello de Ourense", sinalou o rexedor ourensán.

Redacción O FARELO



■ Debuxo de Adriana López Piñeiro (7 anos)

## Certame de debuxo infantil sobre o Nadal en Begonte

En Begonte, reúnese o Xurado da XLI edición do Certame de Debuxo Infantil, convocado polo Centro Cultural José Domínguez Guizán, co gallo do Nadal 2016-2017, formado por Jesús Domínguez Guizán, Presidente; Manuel Gulín Rodríguez, pintor; Jesús Veiga Sangiao, en representación do centro convocante, e Xulio Giz Ramil, que actúa como secretario. Por unanimidade, acordan conceder os seguintes premios:

### Categoría A (Ata 10 anos)

Primeiros premios:

ANTÍA MIRAGAYA VÁZQUEZ. 10 anos. Colexio A Milagrosa (Lugo)  
ELIÁN GARCÍA GONZÁLEZ. 10 anos. Colexio O Cantel, de Foz  
CONCEPCIÓN JIMÉNEZ SALAZAR. 10 anos. Colexio Virxe do Corpiño de Begonte.

Segundos premios:

ADRIANA LÓPEZ PIÑEIRO. 7 anos. Colexio de San Miguel de Reinante  
JANA LAGE LOUSAS. 7 anos. Colexio de Foz número 1  
HUGO BARREIRO DE ROSENDE. Colexio Mato Vizoso, de Vilalba.  
KEVIN IRIMIA MÉNDEZ. 10 anos. Colexio Juan Rey, de Vilanova de Lourenzá.  
SONIA TEIJEIRO FERNÁNDEZ. 10 anos. Colexio Virxe do Corpiño, de Begonte.

### Categoría B (11 a 15 anos)

Primeiros premios:

AYMAN MUSTAPHA RAJOVANI MANSRI. 11 anos. Colexio O Cantel, de Foz  
RAMÓN LOURÉS MIRAD. 11 anos. Colexio Virxe do Corpiño (Begonte)  
EMMA REGO EIROA. 13 anos. Ies Vilar Ponte de Viveiro

Segundos premios:

AINARA LÓPEZ FERNÁNDEZ. 12 anos. Instituto Gamallo Fierros, de Ribadeo  
BRUNO LÓPEZ LÓPEZ. 11 anos. Colexio O Cantel de Foz  
NEREA ÁLVAREZ VALEA. 11 anos. Colexio Juan Rey (Vilanova de Lourenzá)  
IAGO GARCÍA DÍAZ. 11 anos. Colexio de San Miguel de Reinante  
MANUEL CARRASCO MUÑOZ. 11 anos. Colexio Virxe do Corpiño (Begonte).

Os primeiros premios están dotados con 60 euros e trofeo, e os segundos, con 30 euros e trofeo. Os premios serán entregados o próximo 28 de xaneiro, dentro dos actos de clausura de O Nadal en Begonte.



■ Reunión da concelleira de Turismo Silvia Carballo con representantes da hostalaría local

## Ruta das Tapas e Cócteles de Inverno celebrarase en Bueu

A concelleira de promoción económica e turismo de Bueu, Silvia Carballo, reuniuse este luns coa hostalaría da vila para organizar unha ruta das tapas e cócteles de inverno para a terceira semana de febreiro (do 16 ao 19), en horario de 12.00 a 13.30 e de 20.00 a 22.00 horas, con posibilidade de horario estendido.

Así todos os bares e restaurantes que desexen participar, deben inscribirse antes do venres 20 de xaneiro, e comunicar o nome da tapa e/ou cóctel antes do luns 23 ao correo [silvia@concellodebueu.org](mailto:silvia@concellodebueu.org).

Ademais, a fotografía da tapa e/ou cóctel para promoción debe ser enviada con data límite o 30 de xaneiro.

Tras o acordado cos representantes dalgúns locais da vila, decidiuse que a temática será libre aínda que terá como denominador común o inverno. O custe da tapa será de 2,00 euros, e o do cóctel será acordado nunha reunión cos locais participantes.

Tal e como destacou a concelleira durante a xuntanza coa hostalaría, esta ruta ten como finalidade dinamizar o tecido económico nunha época máis ben frouxa.



## Reunión do Goberno santiagués cos novos membros da 'Academia Galega da Língua Portuguesa'

A primeira tenente de alcalde de Santiago, María Rozas, recibiu esta mañá a Irene Neto e Gilva de Oliveira, novos membros da Academia Galega de Língua Portuguesa, entidade nacida en Compostela o 1 de decembro de 2007.

Irene Neto é filla do activista angolano Agostinho Neto e presidenta do Conselho de Administración da Fundación que leva

o seu nome, ademais de ser deputada polo Movemento Popular de Liberación de Angola. Pola súa banda, Gilvan de Oliveira é profesor adxunto no Departamento de Língua e Literatura Vernáculos da Universidade Federal de Santa Catarina e secretario executivo adxunto da MAAYA - Rede Mundial de Multilinguismo, con sede en París.

## Novas da Raia

Redacção O FARELO



### Segunda edição de 'Cicl-One' arrancou com 'O Manipulador'

O passado 13 de janeiro, sexta-feira, pelas 21h30, na sala de exposições do Cine Teatro João Verde, com entrada gratuita e limitada aos lugares disponíveis. Ciclo de cantautores, promovido pela Bulletseed, compreende quatro concertos intimistas entre janeiro e abril. Depois de "O Manipulador", chega Gobi Bear (fevereiro), Coelho Radioactivo (março) e Daily Misconceptions (abril). No dia dos concertos, decorrem workshops para alunos do ensino secundário, onde os artistas abordarão o processo criativo na construção dos textos e músicas.

A segunda edição de "Cicl-One", ciclo de música entre janeiro e abril com cantautores emergentes nacionais e internacionais, teve início a sexta-feira, 13 de janeiro, pelas 21h30, na sala de exposições do Cine Teatro João Verde. A entrada foi gratuita, estando limitada aos lugares disponíveis.

Promovido pela Bulletseed com apoio da autarquia monçanense, o primeiro capítulo de "Cicl-one" é escrito por "O Manipulador", projeto de Manuel Molarinho que, em 2010, decidiu enveredar por um percurso musical a solo e de forma absolutamente independente.

Em estúdio, Manuel Molarinho é uma "one man band" experimental de baixo, pedais, loop station e voz que, em termos musicais, assume a expressão de uma identidade própria influenciada pela estética de algumas bandas de rock alternativo e pelo conceito "do it yourself".

Além dos concertos, o ciclo de música "Cicl-one" compreendeu ainda workshops para os alunos do ensino secundário, onde os artistas abordaram o processo criativo na construção dos textos e músicas. Depois de "O Manipulador", chega Gobi Bear (fevereiro), Coelho Radioactivo (março) e Daily Misconceptions (abril). Sempre no Cine Teatro João Verde.

Manuel Estévez



### Artista galego Manuel Facal apresenta exposição individual na FBAC

O artista galego Manuel Facal inaugura a programação de 2017 da Fundação Bial de Arte de Cerveira (FBAC) com uma exposição individual de gravura e tapeçaria. A mostra "Cosidos – Códigos Ocultos" apresenta ao público, a partir do próximo sábado (16h00), 28 obras de arte referentes à evolução do artista nos últimos 10 anos.

O coordenador artístico e de produção da FBAC, Cabral Pinto, descreve-o como "um artista de personalidade inquieta, de espírito inesgotavelmente pesquisador, sempre na vanguarda". Criador multidisciplinar, Manuel Facal é um pintor e escultor abstrato, mas é no domínio das técnicas da gravura que se destaca, tendo executado trabalhos para grandes artistas, como o surrealista Miró.

Atualmente baseia o seu trabalho nos fundamentos estéticos e expressivos que se encontram nos "sobrecosidos", linha artística que apresenta até 18 de fevereiro, no Fórum Cultural de Cerveira.

Em Vila Nova de Cerveira mostra maioritariamente obras de formato circular, com cerca de dois metros de diâmetro, que combinam com os seus primeiros trabalhos de conceção pobre da arte, nos quais o artista intervenha em telas sem moldura, costuradas com fios, cordões, etc..

Serão também apresentadas peças num formato de moldura circular cujo cromatismo austero veste a presença das obras, "aludindo a vistas aéreas de terra e mar, por vezes desoladas e queimadas e a outras naturezas astrais, daí

títulos como Sirgo, Avalo, Orfico, Algae, etc.", explica a curadora da exposição Isabel Trancoso.

Apelando, ainda, à imaginação do espetador, serão expostas quatro obras que falam de livros fechados, apresentando um formato singular.

Apesar de manter ao longo dos tempos múltiplas influências artísticas, como Picasso e o galego Urbano Lugrís, Manuel Facal "preserva a sua personalidade, agressiva e lírica, ao mesmo tempo idealista, impondo nos seus trabalhos uma carga dinâmica e emocional apreciada na obra deste grande artista", sublinha Cabral Pinto.

Manuel Facal estudou Engenharia Técnica em Vigo, mas abandonou o curso para se dedicar inteiramente ao mundo arte, tendo iniciado a sua carreira nos anos 70. Viveu em diversos lugares (França, Londres, Barcelona, Porto Rico, Noruega e Sitges), tendo-se mudado em 1987 para a serra mala-guenha, onde mantém o seu estúdio.

Encontra-se representado em algumas das Coleções mais importantes do mundo: Museo de Arte Contemporáneo (Caracas, Venezuela); Kunstmuseum Municipal (Dusseldorf, Alemanha); Irving Trust Company (New York, E.U.A.); The Cipp Permanent Collection (Brasil); Congress Library (Washington, E.U.A.); Museo Royal Albert (Bruxelas, Bélgica); Oslo Comunes Kunstsamlinger (Oslo, Noruega); Museo da Fundación Gulbenkian, (Lisboa); Franklin Furnace Legacy, MOMA, (New York, E.U.A.); entre outros.

Redacción LUGO

# Actividades culturais para colectivos desfavorecidos na provincia de Lugo

O Goberno provincial leva 545 actividades culturais a 56 concellos da provincia. “Facémolo a través de 407 asociacións da provincia, que resultaron beneficiadas das axudas de 400.000 euros, que puxemos en marcha dende a área de Cultura, dixo o presidente da Deputación. “Como novidade, este ano incorporamos cláusulas sociais ás bases desta convocatoria de axudas para favorecer a celebración de actividades en núcleos rurais, dinamizándoos socialmente; así como para primar as programacións dirixidas aos colectivos máis vulnerable, como, por exemplo, a persoas con capacidades diferentes ou maiores. Todo isto, dentro da nosa aposta por converter a esta institución, nunha Deputación coas persoas, social e rural”, subliñou Darío Campos Conde, presidente do organismo. Por primeira vez, puntuáronse, favorablemente, os proxectos para actividades dirixidas á terceira idade, ás persoas con capacidades diferentes, ás mulleres, cativos ou á mocidade.

## Favorécese ao rural

Como mostra do resultado das cláusulas sociais nas bases desta convocatoria de



■ Foron 407 as asociacións favorecidas nos 56 concellos de Lugo

axudas públicas, que, de xeito pioneiro, decidiu incluír o Goberno da Deputación para favorecer as programacións para colectivos máis vulnerables (persoas con capacidades diferentes, maiores, mulleres...); e aquelas que se desenvolven en zonais rurais; algúns dos colectivos beneficiados, entre outros moitos exemplos,

son: a Asociación de Axuda ao Enfermo Mental A Mariña, que recibe unha axuda para o funcionamento dunha aula de cultura en Cervo; a Banda de Gaitas de Caurel para clases de música en Folgoso do Courel; a APA do CPI de Cervantes para cursos de informática; a Asociación de Pais de Alumnos do CEIP de San Xoán de Becerreá

para obradoiros sobre as emocións ou mecanografía; a Asociación de Mulleres Rurais a Carballeira do Páramo para cursos de restauración ou pintura; a Asociación Cultural Abrente para actividades de música e baile tradicional nas Nogais; a Asociación de Mulleres de San Bartomeu de Insua para obradoiros de liño, lá ou tapiçes, entre outros, en Vilalba; a Asociación de Promoción e Integración Xitana de Lugo para cursos sobre a lingua, exposicións ou obradoiros; a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Monforte para o desenvolvemento dun proxecto cultural na comarca de Lemos; a Asociación de Xubilados de Taboada para a organización de cursos e eventos culturais; a Asociación de Persoas Xordas e Maiores de Lugo para encontros e xuntanzas; a Asociación de Síndrome de Doín para o funcionamento dun grupo de teatro; a Asociación A Mariña Cogami para obradoiros de fotografía e informática en Ribadeo; a Asociación de Pensionista e Xubilados de Riotorto para actividades culturais; AUXILIA de Monforte de Lemos para actividades culturais de integración; a Fundación ANADE para cursos de formación de teatro e fotografía.

## Está en marcha Lugo Cultural 2017

A nova programación de actividades gratuítas do Lugo Cultural desenvólvese polo convenio de colaboración da Deputación, Concello de Lugo e Universidade de Santiago de Compostela. Está dotado con 60.000 euros e cada entidade achega 20.000 euros. A programación foi presentada polo deputado de Promoción do Territorio e Turismo, Eduardo Vidal Baamonde, a concelleira de Cultura, Carmen Basadre Vázquez e a vicerreitora de Servizos Universitarios do Campus de Lugo, María del Carmen Silva Domínguez. Vidal Baamonde destacou que “o organismo provincial segue a colaborar de maneira activa coa USC, en concreto co Campus Terra, a través do Convenio Lugo Cultural, no que ofrecemos diferentes actividades lúdico-culturais totalmente gratuítas aos lucenses durante todo o ano, ao mesmo tempo que difundimos o traballo dos nosos artistas e buscamos espazos alternativos,



■ Deputación, Concello e USC financian con 60.000 euros a nova programación do Lugo Cultural

como a Domus do Mitreo, para potenciar o seu uso cultural”.

## Música

Músicas a carón da Mosqueira é o ciclo que impulsa a novos creadores e intérpretes dentro da música clásica. Divídese en dous tramos, o primeiro de xaneiro a maio, no que os protagonistas serán os intérpretes de AIE. E un segundo tramo onde os intérpretes de Lugo serán os protagonistas. Esta ac-

tividade continuará coa súa tradicional labor de difusión da música clásica, fundamentalmente no apartado de cámara, que traerá este ano á capital luguesa a novos, pero xa consagrados, intérpretes de distintos instrumentos de música clásica. Os concertos, totalmente gratuítos, se celebrarán ás 20:00 horas na Casa do Saber. Noite na Domus é unha actividade complementaria de Músicas a carón da Mosqueira que terá lugar o 2 de marzo, 6 de abril e 4 de maio. Pretende achegar a Domus do Mitreo e a historia desta escavación cunha visita guiada do arqueólogo Celso Rodríguez acompañado por diferentes músicos que transportarán aos participantes, na intimidade, ós momentos históricos polo que pasou este soar ata o día de hoxe. Lubican é outra proposta musical para potenciar a presentación de novos traballos da música galega que terá lugar os últimos xoves de febreiro, marzo, abril e maio. Outro ciclo será Os xoves de Moda para o inter-

cambio de experiencias no ámbito das artes que terá lugar os terceiros xoves de febreiro, marzo e maio. Por último, dentro da programación musical, estará Sons creativos do 25 ao 28 de maio, que presenta a vangarda na música contemporánea e Entre Lusco e Fusco con concertos do 7 ao 14 de xuño.

## Artes escénicas

O teatro é unha aposta forte de Lugo Cultural, por iso terá lugar o Festival de Teatro Universitario do 22 ao 27 de marzo, que reunirá compañías de Galicia e que dedica unha xornada a exposición dos microproxectos nos que traballan estudantes de teatro que se atopan fóra de Lugo. Ademais, o 22 de marzo os participantes poderán asistir non só a estrea da nova produción da Compañía de Teatro USC-Lugo senón tamén a evolución da creación nos ensaios abertos. Así mesmo, a Compañía do IV Ciclo da Universidade porá en escena un traballo de investigación sobre “Os Vello non deben namorarse”. A programación tamén conta cun encontro de danza para o 19 e 20 de abril, pois o Espazo de Danza da USC foi pioneiro na introdución desta arte na cidade. En setembro volve o Maratón Fotográfico do Campus e a Findecorta (31 de marzo, 1, 2, 3 de abril). Ademais ao longo do ano está prevista a realización de diferentes performances en diversos espazos da cidade.

# Novas da Raia

Redacción O FARELO



■ Francisco Peña Castiñeira, José M. Romay Beccaría e José Ramón Ónega López na presentación do 'Liber Amicorum' na Casa de Galicia en Madrid

## Presentan en Madrid un libro en homenaxe ao Dr. Francisco Peña, fillo predilecto de Ponteareas

No acto interviron algúns dos 211 participantes na obra, entre eles o presidente do Consello de Estado, José Manuel Romay Beccaría

A Delegación da Xunta de Galicia en Madrid/Casa de Galicia foi hoxe o escenario da presentación do libro *"Liber Amicorum. Homenaxe ao Prof. Dr. Francisco Peña, Fillo predilecto de Ponteareas"*, acto no que interviron, ademais do homenaxeado, Francisco José Peña Castiñeira, o presidente do Consello de Estado, José Manuel Romay Beccaría -que participa na obra-, o delegado da Xunta de Galicia e director da Casa de Galicia, José Ramón Ónega López, e algunhas outras das personalidades que participan no libro. A obra reúne a 211 autores que renden a súa particular homenaxe ao Prof. Peña, especialista en saúde na tripla vertente docente, investigadora e educativa-divulgativa.

Ónega referiuse a Peña como un "pioneiro e impulsor da saúde ambiental" que tras trinta e sete anos de intensa actividade goza de recoñecido prestixio nacional e internacional no ámbito sanitario-ambientalista. Referiuse aos numerosos testemuños de amizade e recoñecemento que recompila o libro, de África, América, Asia e Europa, e entre eles destacou os do presidente de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, o cardeal Rouco Varela e o de Romay Beccaría. Tamén observou que a obra recolle a Bendición Apostólica do Papa Francisco e afectuosas dedicatorias do Rey Felipe VI e

do presidente do Goberno Mariano Rajoy.

Romay Beccaría, que presidiu e pechou o acto, destacou do traballo de Peña "o coñecemento profundo das cuestións e a súa capacidade expositiva para facelas entender e comprender polos sectores máis amplos da poboación", así como que os seus valores "sempre foron moi fieis á defena razoable do medio ambiente e ás esixencias dunha educación sanitaria responsable e veraz".

Peña considerou ao *Liber Amicorum* "unha auténtica xoia, pola súa calidade de edición e sobre todo pola calidade do seu contido e todo o que transmite a obra e os valores que defende (o servizo público e axudar aos demais, a ética e a honradez, a autenticidade, o esforzo, a constancia e o traballo ben feito, que prevaleza o ser sobre o ter, a solidariedade, a humanidade, os dereitos humanos, a xustiza social, a cultura da paz, a defensa da educación e do medio ambiente estreitamente ligado á saúde, a saúde ambiental do planeta e a igual dignidade de todos os seres humanos, e un longo etc.; valores e principios dos que a sociedade actual está tan necesitada en recuperar se queremos construír un mundo mellor para as xeracións vindeiras".

Expresou o seu desexo de que o acto servise "para poñer en valor á nosa querida e marabillosa Galicia e á miña terra natal Ponteareas 'a Vila do Corpus'", das que ex-

puxo unhas imaxes do seu patrimonio natural e cultural. Tamén de "que o protagonismo sexa compartido cos 211 autores que son os verdadeiros artífices que fixeron

*Peña considerou o 'Liber Amicorum' "unha auténtica xoia, pola súa calidade de edición e sobre todo pola calidade do seu contido e todo o que transmite a obra e os valores que defende*

posible esta marabillosa obra, como homenaxe á miña persoa, un agasallo caído do ceo" que atribuíu "á xenerosidade infinita da rede de amigos de todo o planeta, o mellor patrimonio que un pode ter".

No libro participan, entre outros, o Papa Francisco coa súa bendición apostólica, o Rey Felipe e o presidente de Goberno de España, con senllas dedicatorias, o presidente da Xunta de Galicia, a presidenta da Deputación de Ponteareas, Carmela Silva, e o alcalde de Ponteareas, Xosé Represas Giráldez, cos seus respectivos prólogos, Federico Mayor Zaragoza cunha presentación da obra e máis de 200 autores de todos os ámbitos (académico, científico, educativo, empresarial, político, eclesiástico, xornalístico; cohabitando monárquicos e republicanos, crentes e agnósticos, conservadores e progresistas, etc.) cos seus correspondentes artigos.

Ademais de Romay Beccaría, outros dos autores do libro que participaron no acto enalzando a figura do homenaxeado foron José Ignacio Elorrieta Pérez de Diego, Rosalía Fernández Patier, Domingo Gómez Orea, Teresa Villarino Valdivieso, Silvia Rueda Sánchez, Luís Carlos Pérez Aguado e Javier de Paúl Jiménez. Outros autores que asistiron ao acto, aínda que non interviron no mesmo, foron Mercedes García Vedía, Enrique Piedras García e Nuria Sánchez González.

Entre outros, tamén asistiron á presentación Antonio Troncoso de Castro, Fillo Predilecto de Ponteareas e Margot Fernández Piñeiro, filla de Maruja Piñeiro, escritora galega e ilustre ponteareá.

# Especial Humor - Xaquín Marín



■ Xaquín Marín, debuxante galego - Foto de Francisco Puñal Suárez

Por: Francisco Puñal Suárez

## Xaquín Marín, baluarte do humor gráfico galego

O Farelo quere destacar o extraordinario valor da obra do galego Xaquín Marín nos seus debuxos, carteis, caricaturas, e libros editados, sobre todo pola súa humanidade, o seu compromiso político en defensa da xustiza social, da cultura galega, do seu idioma, e pola súa actitude coherente e permanente. Xaquín, con máis de catro décadas de traballo fecundo, é un baluarte do humor galego, da súa retranca, coa súa constante crítica a toda a falsedade de políticos corruptos, e aos valores hipócritas da sociedade.


A súa mirada cáustica e enxeñosa sempre queda expresada nos seus exquisitos debuxos, onde nos mostra a súa forza creadora e sinálanos asuntos sociais de importancia. Nese sentido, Xaquín Marín continúa a senda trazada por Castelao, Carlos Maside, e outros debuxantes galegos.

Tamén hai que mencionar a súa importante labor realizada á fronte do Museo do Humor de Fene onde Xa-

quín, co apoio do Concello e do alcalde Xosé María Rivera Arnoso, do BNG, anos atrás, realizou un meritorio traballo de divulgación e promoción do humor gráfico, deu a coñecer a obra de caricaturistas galegos, organizou durante anos as Xornadas de Humor onde se outorgaban os Premios Curuxas, e realizáronse numerosas actividades en escolas e institutos

Xaquín Marín, é hora xa de proclamalo aos catro ventos, é un tesouro cultural, non só galego, senón universal. É un artista de corpo enteiro, aplaudido e querido non soamente en Galicia, senón en todos os lugares onde chegou a súa obra, polo seu inmenso talento, e por reflectir a vida mesma e temas da condición humana nas súas obras.

Como escribise Ramón Loureiro, “a súa obra fai mellores os nosos días, como a maxia dous seus debuxos e dous seus lenzos permite navegar entre as malas horas nunha barca de soños”.



■ Xaquín Marín

# Xaquín Marín - Especial Humor



■ Xaquín Marín conversa co director de O Farelo no día en que A Peneira recibiu o premio A Curuxa do Humor



■ Xaquín Marín




■ Xaquín Marín



■ Xaquín Marín



■ Xaquín Marín - Foto de Francisco Puñal



■ Xaquín Marín



■ Xaquín Marín



■ Xaquín Marín

# Especial Humor - Mário Soares

Por: Osvaldo Macedo de Sousa

## Caricaturas de Mário Soares expostas em 1995

Não é fácil a relação do humor com as pessoas, quando elas são o alvo da comicidade e mais difícil é a dos políticos com os cartoonistas porque estes poem a descoberto a sua capacidade de se rir democraticamente de si próprio e das suas políticas, reconhecer que errou, que a sua acção não tem a concordância dos outros ou com um sorriso considerar que o crítico não tem razão. Mas como defendia o Presidente Mário Soares: “A democracia é o regime no qual ninguém está acima da crítica. Muitas vezes, melhor do que longos discursos, argumentações cuidadas e raciocínios sofisticados, é com meia-dúzia de traços e uma frase curta, certa, acerada, inteligente que se desafiavam poderes, denunciavam situações, de injustiça ou de ridículos, e se diz que “o rei vai nu”. Também ele teve momento de fricção, ameaçando mesmo a seguir para a barra dos tribunais (vontades que acabou sempre por desistir depois de se acalmar e meditar sobre a questão), mas acabaria por ter magnífica relação com os artistas e a ser o único Presidente a convidar os cartoonistas a expor na sua casa Presidencial.

“A exposição que tive a ideia de promover no Palácio de Belém representa, em primeiro lugar, uma homenagem aos caricaturistas portugueses, que admiro e entre os quais conto alguns amigos. Todavia, a organização e os critérios de selecção dos autores da exposição não me pertence, mas ao coordenador Osvaldo Macedo de Sousa, especialista em história do humor gráfico português. /.../ Esta exposição, realizada no Palácio de Belém, residência oficial do Presidente da República, que quis aberta ao público, pretende ter também um sentido pedagógico – lembrar que todos erramos e, por isso mesmo, devemos ser criticados, em particular os políticos, e saber corrigir a nossa acção através da crítica. É essa a superioridade da democracia. O riso é uma forma de inteligência e o talento para o provocar é um grande dom só concedido a alguns seres humanos”.

“Ao longo destes mais de vinte anos de democracia, tenho sido um dos alvos privilegiados de nossa democracia satírica, o que muito me honra. A circunstância de ter estado presente em diversas funções, tornou natural que assim acontecesse, à semelhança de tantos protagonistas, de todos os quadrantes, destas duas décadas tão ricas, interessantes e contraditórias./.../ Tudo isto tem servido de pretexto aos caricaturistas. E, também, naturalmente, os meus actos que mereceram reprovações, crítica, inevitáveis discordâncias, Por vezes, violentas e muito corrosivas”.

“Tenho-me esforçado, todavia, por considerar as caricaturas que de mim fazem como matéria de reflexão, achando-lhe quase sempre graça, mesmo que as considere tremendamente injustas. Com a passagem do tempo e a distância que traz, verifico que a sátira, frequentemente, perde muito da sua agressividade e que os autores e os visados se podem com ela divertir em conjunto. E o diálogo que daí ocorre acaba por tornar-se um salutar exercício democrático.”

Este extrato pertence ao Prefácio (escrito por Mario Soares) da exposição que eu realizei em 1995, a seu pedido no Palácio presidencial de Belém. Finalizava o Presidente da República Portuguesa o seu segundo e último mandato (atingindo o limite máximo de 10 anos de presidência) quando fui chamado ao Palácio Presidencial para satisfazer um dos últimos desejos do Dr. Mário Soares como Presidente, homenagear o trabalho dos cartoonistas: Os desejos de um Presidente são uma ordem e dessa forma concebi esta exposição como uma reflexão - retrospectiva satírica dos vinte anos de de-



■ Mário Soares conversa com Osvaldo Macedo de Sousa, curador da mostra de humor gráfico exposta no Palácio de Belém



■ Mário Soares - Rui Pimentel

mocracia que então se comemorava. Assim a primeira caricatura foi um trabalho de João Abel Manta (Lisboa 1928) feito no momento em que o Dr. Mário Soares chegava a Portugal, vindo do exílio após a concretização da Revolução dos Cravos (25 de Abril de 1974) e as últimas as dos jovens que então despontavam na imprensa – Henrique (Cabreira 1969), Carlos Laranjeira (Lisboa 1970) e Ricardo Galvão (Lisboa 1974) num total de trabalhos de 17 artistas.

Não é só um homem que faz a política, mas todo um ambiente a que esse político deseja / quer ou é obrigado a movimentar-se, sujeito aos ventos do sul e do norte, do leste e oeste que mudam as vontades, que fazem discordar as palavras das acções e por isso é importante a existência dos cartoonistas que desmascaram esses desvarios, essa mudanças, essas transgressões. Mário Soares, com esta exposição quis colocar todas as caricaturas satíricas que lhe fizeram, porque como ele dizia, era uma forma de reflectir sobre aqueles momentos que eventualmente fez algo errado ou certo e, na pré-inauguração, perante cada uma ele observava – nesta ele não teve razão na crítica, naquela infelizmente sim...

fácil, o seu olhar é muito mais importante, e explorado por diversos caricaturistas. Depois existem todos os tipos, formas de estar, que no Dr. Mário Soares talvez se possam sintetizar no seu gosto de contacto com as massas, o gosto de usar todo o género de chapéus, a paixão pela cultura, a curiosidade do saber, a sua bonomia e símbolo dos brandos costumes do nosso povo. Essa forma de ser, levou ao surgimento da mitificação de uma monarquia caricatural apaziaguada por um Rei D. Mário I, Creio que tão cedo, não haverá outro político que o povo tão carinhosamente entronize, como faz com o Dr. Mário Soares, gostando dele ou não. Ao assumir esta sátira ao seu passado, dentro de portas do Palácio Presidencial acontece um gesto magnânimo de humor e RISO COM, exemplo que deveria servir de lição a muito político, empresário...

Esta extraordinária exposição, realizada na casa do alvo satírico dos cartoonistas, o chefe máximo da política nacional, teve mais de 40.000 visitantes, proporcionando não só a possibilidade do público visitar a exposição, como percorrer o Palácio Presidencial, normalmente só visitado pelos políticos e imprensa.

O Dr. Mário Soares foi a personalidade mais caricaturada ao longo dos últimos 20 anos (refiro-me a 1974-1995). Primeiro porque esteve sempre activo, actuante e controverso como Ministro, oposição, Primeiro-Ministro, oposição e Presidente da República. Depois, porque o seu fâcies é de fácil caracterização. Inclusive o povo alcunhou-o caricatural e carinhosamente de “bochechas”. Só que. Se esse é o elemento mais directo e mais

## Mário Soares - Especial Humor



■ Mário Soares e Osvaldo Macedo de Sousa observam unha das caricaturas na exposicion de 1995




■ Mário Soares - Ze Manel



■ Mário Soares - LGuimarães




■ Mário Soares - Francisco Roch



■ Mário Soares - João Abel Manta

Zé já muito descontraindo! Vamos lá a ver que presentes dá-me Brás de Pavia

## Concurso Ranan Lurie - Especial Humor



■ Primeiro Premio-Miroslav Barvircač - Eslovaquia

Por: Francisco Puñal Suárez

## Concurso de caricaturas políticas Ranan Lurie, da ONU

Un debuxo metafórico do eslovaco Miroslav Barvircač, editado no medio "Korzar", e no que aborda a temática dos refuxiados que tratan de chegar á Unión Europea, camiñando sobre unha roda que vira sobre si mesma, gañou o primeiro premio no concurso Ranan Lurie de caricaturas políticas, publicadas na prensa, que organiza a ONU desde 2005, para destacar o valor da opinión dos humoristas gráficos.


O segundo premio foi para o israelita Yonatan Wachsmann, e o terceiro, para o norteamericano

Steve Sack. Tamén foron outorgadas dez mencións de honra, entre os debuxos que chegaron dos cinco continentes. Neles abórdanse os temas do drama da emigración a Europa, a guerra en Siria, a miseria no mundo, o triunfo de Trump, a censura á prensa en Turquía, e a corrupción en Afganistán, entre outros.


O evento valora e reconece a importancia da caricatura de prensa no mundo, a súa forma artística e a súa determinación crítica neste planeta convulso en que vivimos.



■ Tom Kuenzli, Suíza - Mención de Honor




■ Passaprawas A. Chinoboonwat - Tailandia - Mención de honor



■ Javad Alizadeh, Iran - Mención de Honor

## Martirena - Especial Humor



## Especial Humor - Martirena




■ Martirena



■ Martirena



■ Martirena



■ Martirena



■ Martirena




■ Martirena




■ Martirena


## Martirena - Especial Humor



# Especial Humor - Cristiano Ronaldo



■ Leandro Barea, Galiza




■ Paulo Caruso (Brasil)

Por: Francisco Puñal Suárez


## Caricaturas de Cristiano Ronaldo na imprensa mundial

O Museu Nacional da Imprensa, de Porto, Portugal, reuniu um conjunto de mais de 150 peças, entre cerca de 60 caricaturas, e 100 jornais e revistas sobre Cristiano Ronaldo, de forma a homenagear o jogador e retratar o seu impacto à escala mundial. O XVII PortoCartoon tinha dois prémios especiais de caricatura pessoal, uma dedicado a Cris-


tiano Ronaldo e outro para Ernest Hemingway. A mostra “Cristiano Ronaldo: Caricatura e Imprensa Mundial” estará patente até ao dia 28 de fevereiro. Endereço: Estrada Nacional 108, 4300-316, Porto, (junto à Ponte do Freixo) 4300-316. Horário: 15:00 a 20:00 h Telefone: +351 22 530 4966



■ Primeiro premio - Krzysztof Grzondziel, Polonia



■ Segundo premio - António Santos, Portugal



■ Osvaldo Da Costa, Brasil



■ Luiz Carlos Fernandes, Brasil

**VENRES 24 DE FEBREIRO**

Às 11:00 desfile dos centros escolares  
polas rúas da Esfarrapada

- E. I. Xoaniña
- E. I. A Galiña Azul
- CRA Raíña Aragonta
- CEP Altamira
- IES Pedras Rubias

**SÁBADO 25 DE FEBREIRO**

Às 16:30 Festa Infantil de Disfraces  
Parque Raíña Aragonta

Às 19:00 Concerto da Banda Cultural de Salceda  
Auditorio Municipal



# **SALCEDA DE CASELAS**

# **ENTROIDO**

# **2017**



**DOMINGO 26 DE FEBREIRO**

Às 12:30 desfile do grupo de batucada  
"Os Espantarratos" polas rúas da Esfarrapada

Às 16:30 XIX Desfile de carrozas e comparsas  
polas rúas da Esfarrapada

Às 18:30 IX Concurso de coplas de Entroido  
na Praza do Concello

Às 20:30 verbena con SOLARA na Praza do Concello

**LUNS 27 DE FEBREIRO**

Às 17:30 na Praza do Concello "O Guateque sorpresa de Maison"

Pola noite, verbena de Entroido nos recintos de  
A Feira e Castro Barreiro

**MARTES 28 DE FEBREIRO**

Às 17:00 presentación  
das carrozas e comparsas de  
Castro Barreiro e A Feira nas rúas da vila

Pola noite, verbena de Entroido  
en ámbolos dous barrios